

Do 16 ó 31 deste mes "Respecto polos pasos de peóns" centra a campaña de seguridade vial

## Novos servizos municipais

Xa comezaron a traballar as dúas empresas contratadas polo goberno local para realizar o mantemento e conservación de 61 parques e zonas públicas ademais doutra encargada de asumir a limpeza viaria en todo o municipio incrementando así a dotación de recursos ó servizo público dos oleirenses para disfrutar dun concello limpo e coidado.

Páxinas 6 e 7




Concello de  Oleiros

**Reanúdanse as obras na avenida Venezuela** para a construción de beirarrúas grazas a unha sentenza favorable ó Concello que permite a ocupación dos terreos. Páx. 9

# Vivir en Oleiros

Número 24  
Outubro 2006  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Os custes das obras, con cargo ás arcas municipais, ascenden a preto de 1.800.000 euros



**Obras Públicas contrata novas actuacións** segundo as inversións previstas para este ano

Páxina 8

**O rueiro de Oleiros á venda** nas dependencias municipais. Información áxil e actual

Páxina 16

## DEMOLICIÓN DOS TELLADOS DE CASA SARA

■ Tras vintenove anos de construción e vinte de procesos xudiciais, as cubertas deste edificio situado en Santa Cristina (Perillo) van ser derrubadas e reconstruídas polo Concello de Oleiros acarreado elevados custes económicos para as arcas municipais dos tres vindeiros exercicios. Esta actuación resposta a unha sentenza do Tribunal Superior de Galicia a raíz de reiteradas denuncias presentadas por varios propietarios lindantes que alegan exceso de altura e impedimento de vistas. Algo que non parece importarlles cando eles solicitan un incremento da edificabilidade dos seus inmobles en detrimento de outros veciños.

Páxinas 12 e 13

**Unha enquisa municipal desvela as preferencias de ocio dos mozos**

Páxina 19

## PATRIMONIO HISTÓRICO A DISPOSICIÓN DOS VECIÑOS

A recuperación e conservación do noso patrimonio histórico constitúe unha prioridade para o grupo de goberno que se atopa inmerso nun proxecto de rehabilitación de edificios tan emblemáticos como o Pazo de Arenaza, a Casa do Arxentino ou Casa Agramar. A finalidade é preservar a nosa historia dándolle novos usos sociais para disfrute de todos os veciños.

Páxinas 22 e 23

Como saber  
**ónde**  
está todo  
en  
**Oleiros**

**AXENDA**  
Páxina 2 

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**•Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Protección Civil	981 636 933 ext.112

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 61 47 84
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143

**Centros educativos**

C. Form. Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Inf. Esquíu / Dorneda	981 626 638
Escola Inf. A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Inf. O Vilar / Nos	981 664 257
E. Inf. O Corgo. Dexo	981 628 064
E. Inf. A Pardela / Os Regos	981 631 788
E. Inf. As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
E. Inf. A Canteira / Perillo	981 977 921
I.E.S. Neira Vilas / Perillo	981 638 903
I.E.S. Miraflores / Oleiros	981 631 615
I.E.S. Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
C. Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
C. Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

**Bibliotecas**

Central Rialada / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

*Querida lúa*

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	7 outubro / 5 novembro / 5 decembro
<b>Mingua</b>	14 outubro / 12 novembro / 12 decembro
<b>Nova</b>	22 outubro / 20 novembro / 20 decembro
<b>Medra</b>	29 outubro / 28 novembro / 27 decembro

*Transportes*

**TAXI a domicilio: 981 651 111**

*Horarios Cal Pita*

<b>1 &gt; A Coruña &gt; Fonteculler &gt; O Burgo &gt; San Pedro &lt;</b>	Laborables 6,45■6,55■7,10■7,25■7,35■7,45 a 21 cada 15'■21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15'■21,30 a 22,30 cada 30' Sábados Ida 7,10■7,40■8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30' Dom+fest Ida 7,10■7,40■8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
<b>2 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &lt;</b>	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora. Volta 7,35 a 22,35 cada hora Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora. Volta 8,35 a 20,35 cada hora Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora. Volta 10,35 a 20,35 cada hora
<b>2a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida 7,05. Volta 7,30 Sábados Ida 8,05■14,05. Volta 8,30■14,30 Dom+fest Ida 10,05■14,05. Volta 10,30■14,30.
<b>2b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Pousada &lt;</b>	Laborables Ida 16,05. Volta 16,35 Sábados Ida 16,05■19,05. Volta 16,35■19,35 Dom+fest Ida 16,05■19,05. Volta 16,35■19,35.
<b>3 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Nos &gt; O Carballo &gt; Oleiros &gt; Sada &lt;</b>	Laborables Ida 6,55 a 20,55 cada hora■último ás 22. Volta 6,55 a 21,55 cada hora Sábados Ida 6,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 7,55 a 21,55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8,55■10,55■13,05■14,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 9,55 a 21,55 cada 2 horas
<b>4 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Sada &lt;</b>	Laborables Ida 6,25 a 21,25 cada hora. Volta 6,25 a 21,25 cada hora Sábados Ida 6,25■8,25 a 20,55 cada hora■Último ás 22. Volta 7,25 a 21,25 cada hora Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 cada hora■Último ás 22. Volta 8,25 a 21,25 cada hora
<b>6 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &lt;</b>	Laborables Ida 6,50■7,10■13,05■ de 7,40 a 20,40 cada hora■De 8 a 12 cada hora■De 14 a 20 cada hora■ Último ás 22. Volta 7,10 a 21,10 cada hora■De 7,30 a 19,30 cada hora■20,50■22,30 Sábados Ida 8,50■9,40 a 20,40 cada hora. Volta 9,10 a 21,10 cada hora Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 10,10 a 21,10 cada hora
<b>6a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida a Oleiros 8h ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40 ■ a Soñeiro 20,40
<b>6b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Franzomel &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida a Soñeiro 13,10. Volta de Soñeiro 13,50 Sábados Ida a Oleiros 11■21,10. Volta de Oleiros 11,30■21,45 Dom+fest Ida a Oleiros 10,20 e 13,10. Volta de Oleiros 10,45■13,35
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &lt;</b>	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10,30 a 21,30 cada hora
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cristina &lt;</b>	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 cada hora Volta 10,50 a 20,50 cada hora

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristobo 981 153 338



*Xa somos 31.919 veciños/las censados/las!*

**Até o 26 de setembro, o censo por parroquias é de:**

DEXO (Santa María)	1.396
DORNEDA (San Martiño)	3.508
IÑÁS (San Xurxo)	1.207
LIÁS (Santa Eulalia)	9.176
MAIANCA (San Cosme)	976
NOS (San Pedro)	4.130
OLEIROS (Santa María)	2.646
PERILLO (Santa Leocadia)	7.424
SERANTES (San Xulián)	1.456
<b>TOTAL</b>	<b>31.919</b>

*Farmacias de garda*

	<b>Datas</b>
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 61 00 27	Do 6 ó 12 de outubro Do 24 ó 30 de novembro
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 61 79 37	Do 13 ó 19 de outubro Do 1 ó 7 de decembro
■ Mª FREIRE RIAL-TERESA MIGUÉLEZ Avda. Rosalía Castro nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 63 50 24	Do 20 ó 26 de outubro Do 8 ó 14 de decembro
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas nº 247 (Nos) ● Teléfono: 981 66 38 90	Do 27 de outubro ó 2 de novembro Do 15 ó 21 de decembro
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña 4-6 (Liás) ● Teléfono: 981 61 45 03	Do 3 ó 9 de novembro Do 22 ó 28 de decembro
■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 64 84 40	Do 10 ó 16 de novembro Do 29 de decembro ó 4 de xaneiro
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, 4 (Liás) ● Teléfono: 981 61 41 84	Do 17 ó 23 de novembro

# EDITORIAL

## ● A SOCIEDADE DA DESINFORMACIÓN

◆ A sociedade española e a galega están presuntamente instaladas nun sistema. Mais os cidadáns que a integran, ¿téñense preguntado si se cumpren as premisas para considerar que participan de maneira influente nas decisións que afectan a todos?

A primeira condición, fundamental, é o dereito a recibir información e o deber de procurala. A partires deste principio constitucional, é como os individuos elaboran os seus xuízos críticos tomando partido polo que é máis conveniente para eles e para a colectividade.

Pero cando, como nos tempos que corren, a información chega ós cidadáns manipulada e tratada para defender os intereses dos sectores oligárquicos, a sociedade remata por perder a capacidade para elixir os mellores modelos de progreso, os mellores valores, o desenvolvemento máis xusto e sostible en beneficio de todos.

O gran capital, as multinacionais, as fortunas inmensas que non atenden a escrúpulos nin a razóns de Estado ou de rexión algunha, promoven a toda unha clase de políticos que, obedecendo ós seus intereses, entremétense e fan presión sobre os medios de comunicación, a través da concesións de importantes axudas económicas, contratacións publicitarias ou subvencións. Todos podemos identificar a un xornal co PSOE, a outro co PP e o de máis alá coa extrema dereita.

Ese consorcio, entre a gran empresa e a política, manipulando ós medios de comunicación desbota o principio de imparcialidade que supostamente caracteriza o exercicio periodístico. A información chéganos manipulada e interesadamente tendenciosa. A veracidade dos feitos nos que os xornais apoian as súas informacións deixa de ser importante. O prioritario é que o periodismo está “pagado” e como tal ten de respaldar os intereses de quen fai o desembolso.

Sae perdendo a sociedade, o seu presente e o seu porvir. O presente, porque os seus elementos máis transformadores son atacados sistemática e brutalmente dende as tribunas reservadas ós lacaios do poder. O porvir, porque a masa que podería secundar o liderazgo para a transformación, alomenos por necesidade, ten a conciencia durmida pola inxente manipulación dos mass media e polo efecto das mensaxes subliminais que demonizan o diverso cando non pola inmersión na intranscendencia, na frivolidade gratuíta, na intromisión na vida íntima allea convertida en espectáculo...

Sae perdendo, en definitiva, a verdade. E un pobo que non percura información obxectiva, veraz e contrastada, non vive na verdade pasando a ser como un papavento. Non ten conciencia do modelo de sociedade á que pode aspirar e das medidas a adoptar para mellor conquerilo.

## “O NOVO PLAN XERAL”

CONTRA OS QUE PRETENDEN A DESTRUCCIÓN E A ESPECULACIÓN

SEGUIMOS A CONSERVAR O MUNICIPIO





**Alternativa dos veciños** / Ángel García Seoane. Presidente de Alternativa dos Veciños

## DESESPERADOS

O odio e a desesperación nunca foron bos compañeiros de viaxe.

O primeiro non deixa ver nin oír, cega totalmente a quen o padece. O segundo, provoca ansiedade e leva ás persoas a tomar decisións sin retorno que as colocan ó borde do abismo.

Ámbalas dúas doenzas padécenas, especialmente, determinados individuos que os galenos, con bo criterio, diagnostican como "enfermos problemáticos"

moi peligrosos para a convivencia humana polos posibles riscos de contaxio. Como medida preventiva, aconsellan manterse alonxados deles co fin de evitar as consecuencias que tan dañino mal provoca.

No Concello de Oleiros "desgraciadamente", son portadores do virus a maior parte da oposición, PP-PSOE, así como un nutrido grupo de individuos que conviven no seu entorno máis inmediato. O denominador común de todos eles é o ansia

de saciar as súas ambicións persoais, sen reparar nos medios empregados nin nos riscos que entraña, con tal de acadar os seus malévolos obxectivos.

Ante a grave situación que este tipo de grupos pode crear e co ánimo de evitar unha pandemia, o Goberno Municipal, está na obriga de informar e alertar ós cidadáns, sans, para que eviten o contacto cos citados colectivos e evitar así as consecuencias que este mal trae consigo e que afecta ás

estructuras da sociedade civil, á convivencia e ó desenvolvemento sostible dos pobos.

Dende o Goberno seguiremos traballando e loitando para evitar que este tipo de plagas se introduzan na poboación aínda que non dispoñemos do antídoto necesario. Este ten o seu orixe nas persoas sanas.

Agardamos e confiamos en que o apliquen en conciencia polo ben da nosa comunidade e do municipio.



**Partido Popular de Oleiros** / Pablo Cobián Fernández de la Puente. Portavoz Grupo Municipal

## "DIME DE QUE PRESUMES Y TE DIRÉ DE QUE CARECES"

*La Opinión*, 12 septiembre: "La Fiscalía denuncia al alcalde de Oleiros por sus negocios urbanísticos"

*La Voz de Galicia*, 12 septiembre: "La Fiscalía ve indicios de delito en

la compra de fincas por parte del alcalde de Oleiros"

*El Ideal Gallego*, 12 septiembre: "El Fiscal denuncia a Ángel García Seoane por recalificar terrenos durante su mandato"

En el nº 22 de este periódico, el Sr. García Seoane, como presidente de Alternativa dos Veciños, nos daba consejos en su artículo "Pola senda equivocada". Si la senda que nos sugería era

ésta, nos sentimos orgullosos de no haberle hecho caso.

Para los que desean más: [www.ppoleiros.es](http://www.ppoleiros.es) y nuestro boletín "Oleiros Popular".



**Grupo Municipal Socialista**

## O PSdeG-PSOE DE OLEIROS MANIFIESTA:

Ante los acontecimientos que está viviendo este Ayuntamiento y dado que la manipulación de este medio, que pagamos todos, nos da

un espacio tan limitado para explicar todos nuestros puntos de vista, mientras que el Alcalde utiliza el resto del periódico, así como Radio Oleiros a tiempo

completo, para la defensa de sus intereses y para difamarnos, buscaremos otros canales de comunicación con los vecinos para que podáis

conocer nuestro punto de vista.

Mientras, pueden conocer nuestras opiniones, no manipuladas, en [www.oleiros.net](http://www.oleiros.net)



**Bloque Nacionalista Galego** / Isaac Rebolo Osorio. Responsábel Local do BNG de Oleiros

## MOMENTO DECISIVO

O BNG de Oleiros, leal a un acordo político con Alternativa dos Veciños, no cal non se recolle ningún tipo de compromiso de defensa de intereses nin patrimonios privados, pon por diante os intereses dos veciños e veciñas de Oleiros en contra dos intereses especulativos do Partido Popular e o seu

satélite, o PSOE, que só buscan réditos eleitorais con motivos espúreos. O BNG é o futuro e o garante da continuidade e mellora do proxecto establecido ao longo dos anos no noso concello. Temos o convencimento de que o noso municipio precisa de solucións que xeren estabilidade e rematen coa incerteza

que estamos a vivir nos últimos meses e que demostren aos veciños de Oleiros que teñen un goberno que pon os intereses xerais por riba dos particulares. Consideramos que estas solucións pasan inequivocamente pola asunción de responsabilidades por parte de Ángel García Seoane. Alternativa dos Veciños

debe reflexionar sobre o seu futuro e entender que non pode ligar un proxecto político á figura dunha soa persoa. Terán o apoio do BNG en todas aquelas políticas tendentes a manter o acordado no pacto político asinado a comezos da lexislatura, esté o BNG no goberno municipal ou non.

# A AVENIDA DA II REPÚBLICA: NOVA ALTERNATIVA Ó TRÁFICO ▼

◆ O Concello de Oleiros xa dispón dun novo vial de circunvalación aberto ó tráfico e ó servicio dos centos de usuarios que, diariamente, transitan por esta zona do municipio. A apertura da Avenida II República, que circunvala o casco vello de Perillo, posibilitou unha notable desconxestión da circulación neste ámbito permitindo a conexión directa entre a estrada de Bastiagueiro, dende a Rotonda de Nirvana, e a N-VI mellorando a seguridade vial ó tempo que se optimizaron os accesos existentes, moi frecuentados polo elevado número de escolares oleirenses que diariamente se dirixen ós tres centros escolares ubicados nesta zona, como son a escola infantil A Canteira, Instituto Neira Vilas e o CEIP Valle Inclán.

A execución desta obra foi sufragada na súa totalidade con cargo á urbanización Fonte da Barreira resultando os propietarios do solo afectado compensados con terreos en zonas limítrofes. Neste senso, o Concello de Oleiros quere agradecer especialmente a colaboración dos titulares das fincas colindantes coa Rúa da Barreira pola cesión dos terreos que posibilitaron a construción da actual rotonda.

O acto de inauguración contou cun dos máis destacados e ilustres persoeiros do panorama cultural galego, Isaac Díaz Pardo, artista polifacético e comprometido socialmente ó longo da súa extensa e dilatada traxectoria pública.



■ Avenida II República



■ O campo da Festa durante as celebracións de Perillo en setembro

## 7.000 M<sup>2</sup> PARA O CAMPO DA FESTA ◀ DE PERILLO

◆ A realización da urbanización A Barreira, situada entre a Avenida Valle Inclán, a Fonte de Perillo e a Avenida Rosalía de Castro, ven a dotar ó núcleo de Perillo dunha nova superficie destinada a equipamentos sociais e deportivos para uso e disfrute dos veciños. Pero dende o consistorio tamén se pretendeu a creación dun espazo para o lecer capaz de acoller a celebración de eventos públicos e sociais ó aire libre coa intención de recuperar os tradicionais campos da festa que tanto abundaban, noutrora en todas as parroquias. A localidade de Perillo non dispoñía de ningún lugar destas características e o novo emprazamento resulta idóneo pola súa proximidade ó casco antigo a través do acceso peonil dende a Praza da Cultura, onde se atopa a Casa do Pobo, e colindante co vial de circunvalación, recentemente inaugurado.

O novo ámbito, que abarca unha extensión de case 7.000 m<sup>2</sup>, servirá, ademais, como área deportiva, parque público e zona de xogos infantís fomentando, deste xeito, a convivencia dos veciños e a confluencia de actividades respectando as inqedanzas e preferencias de cadaquén pero concentrándoas nun mesmo punto de encontro, común para os intres de descanso e lecer.

# CONTRATADA A CONSERVACIÓN DE 61 PARQUES E PRAZAS PÚBLICAS



■ *Dúas empresas encargaranse de acometer os traballos do novo servizo municipal*

◆ O goberno municipal de Oleiros procedeu á contratación, na primeira quincena do mes de agosto, do servizo de limpeza e conservación das áreas verdes públicas ubicadas en diferentes urbanizacións do municipio. Esta actuación resposta ó compromiso adquirido polo grupo de goberno coas entidades de mantemento dos complexos residenciais para asumir uns traballos que, ata o de agora, estaban a sufragar en parte os veciños que alí residen.

A adxudicación dos traballos, que acada un importe total de 1.128.582, 49 euros, recaeu en dúas empresas especializadas na realización de tarefas de limpeza e coidado de grandes áreas: Orto Parques y Jardines S.L. e Segema S.L., que deberán encargarse do mantemento de 61, dos máis de 80, parques públicos espallados por todo o termo municipal e divididos por ámbitos xeográficos. En ambos casos, o período de contratación será de dous anos con opción de prórroga anual.

As tarefas asinadas ás empresas abarcan ademais da conservación e mantemento das zonas verdes, corta e poda, o coidado doutras especies como os setos, alcorques e a realización de regos automáticos. Asimismo, nos pregos de contratación establécese a obriga de facer un seguimento exhaustivo da flora existentes coa finalidade de comunicar ó consistorio a necesidade, se houberse, de proceder á reposición de prantas e árbores así como dos danos detectados no mobiliario ubicados nos distintos parques públicos.

## ● PARQUES

- José Martí e Paseo Marítimo
- Nelson Mandela
- Beiramar
- Urb. O Carballido (Pista deportiva)
- Urb. O Carballido (Rúa O Miradoiro)
- Bastiagueiro
- A Capela e Fonte San Paio
- Liáns e Cemiterio
- Luis Seoane
- Zonas verdes Urbanización Rialta
- Agramar
- O Areal
- Liberdade
- Entorno do Concello
- Avenida de Santa Cristina
- Paseo Avenida das Américas
- Paseo Avenida Ernesto Che Guevara

- Paseo Marítimo de Santa Cruz
- Rotondas na Avenida Che Guevara
- Rúa Viñas de Babilonia y Praza Luis Pimentel
- Ibarrola
- Víctor Jara
- Xardín de Nos
- Graxal
- Os Regos
- Romardeiro
- Galeras I
- Galeras II
- Fonte Leocadia
- O Vieiro
- Areal I
- Areal II
- Icaria I

- La Mastelle
- As Vacarizas
- A Choupana
- As Torres
- O Pinar
- Entorno da Igrexa e cemiterio de Dorneda
- Pazo "As Torres"
- Finca Amodia (Rúa Kenia)
- Xogos infantís (Rúa Somalia)
- Biblioteca Central Rialda
- Cemiterio de Nos
- Casa Charry
- Casa do Pobo de Iñás
- Lagoa de Mera
- Capela de Santa Ana
- Paseo da Lagoa

## ● OUTROS ÁMBITOS

- Chico Mendes
- Charles Darwin e Rúa Fonte Leocadia
- Casa Sara
- Interior (Rúa Namibia)

- Liáns
- 10 de Marzo
- As Garruchas
- A Rabadeira

- Fonte de Xaz
- Preescolar "Casa Labarta"
- Rúa Darwin (Os Tilos)
- Rúa Rafael Alberti

◆ A limpeza e conservación dos restantes parques e áreas verdes non incluídas na anterior relación seguirán sendo asumidas polas brigadas municipais do Concello de Oleiros mentres que un enxeñeiro técnico agrícola, especializado en xardinería e paisaxismo, encargaranse de controlar e supervisar a realización dos traballos executados polas citadas empresas ademais de revisar as tarefas asinadas á nova adxudicataria do servizo municipal de limpeza viaria.

Deste xeito, o Concello de Oleiros pretende dar un paso máis na consolidación e optimización da totalidade de zonas verdes, parques e xardíns que existen no municipio esperando obter o compromiso social de todos os veciños para dar continuidade a un ambicioso proxecto colectivo que ansía o coidado e respecto pola natureza acadando importantes áreas de descanso e lecer en beneficio dos veciños.

## CONTRATADO O NOVO SERVIZO MUNICIPAL DE LIMPEZA VIARIA

◆ O Goberno local tamén procedeu á contratación doutro novo servizo municipal. Trátase da Limpeza Viaria de rúas e prazas en diferentes núcleos urbanos así como a retirada de maleza nos andéns peonís existentes en numerosas localidades oleirenses.

A nova dotación exténdese a todas as parroquias e urbanizacións coa finalidade de abranguer a totalidade dos ámbitos existentes no termo municipal, comprendendo zonas que, ata o de agora, non contaban con esta opción.

O servizo de limpeza será diario nos ámbitos urbanos que rexistran maior densidade de poboación e alternos nas urbanizacións das localidades con menor índice de habitantes. Segundo os casos, a frecuencia será de tres, dous ou un día á semana.

Os traballos foron adjudicados, mediante concurso público, o pasado 11 de agosto á empresa Limpiezas y Servicios Xalo S.L. por un importe de 392.000 euros. O período contratado será de catro anos.



■ Traballadores limpando nas rúas de Oleiros



■ Máquina de limpeza na Urbanización Os Regos

## NOVO ACORDO DE TELEFONÍA MÓBIL: MENOS ANTENAS E MÁIS COBERTURA

◆ O Concello de Oleiros acadou un preacordo con diferentes compañías de telefonía móbil que operan no municipio para a utilización conxunta das antenas existentes así como para a implantación de novas zonas de cobertura de sinal. Asimesmo, tamén se pretende a eliminación dalgunhas torres existentes, entre as que destacan, principalmente, as ubicadas na central telefónica de Perillo, en Mera e nas inmediacións do Centro Municipal de Formación de Os Regos.

En vindeiras datas firmárase un convenio para estipular e garantir calidade e optimización na recepción e cobertura do sinal para todas as compañías incluídas en dito acordo.

**RADIOLEIROS** por directa e inmediata

**101.5 FM**

para aprender, para falar, para escoitar,  
para entreter, para acompañar, para ti

■ Todos os días ■ Toda a información ■ A TÚA RADIO

# O GOBERNO MUNICIPAL PECHARÁ O ANO COA REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS PÚBLICOS E NOVAS MELLORAS NA REDE VIARIA ▼

■ Deste xeito, cúmprese o programa de inversións elaborado para o presente exercicio

■ O Concello de Oleiros, a través do Departamento municipal de Obras Públicas, afronta o último trimestre do ano inmerso na realización de numerosos proxectos de obra que xa se atopan en fase de contratación e inicio. A construción de andéns peonís, o acondicionamento de instalacións de uso público e a mellora de diversas infraestruturas son xunto coa rehabilitación dalgúns edificios emblemáticos e espazos naturais os actuais obxectivos do goberno oleirense de cara ó remate do presente exercicio. Pero, a continuación, tamén se reflexan as principais actuacións en proceso de execución.

## 4.437.356 € PARA OBRAS EN CONTRATACIÓN ▼

### ● Infraestruturas viarias e servizos públicos:

- Arcéns en rúa do Río (Oleiros).
- Alcantarillado en As Grobias (Rúas Salvador Allende, Amado Carballo e parte de As Grobias).
- Alcantarillado na Avenida Fonte Douro (Dende Quinta Canaima á Urb. As Pardelas).
- Reposición dun tramo do colector de saneamento de Bastiagueiro (Tramo próximo ó novo bombeo para mellora da súa capacidade).
- Mellora da rede de auga na Avenida Miguel Hernández (Entre a rúa da Xesta e a Avda. Fonte Douro, diante da nova piscina climatizada de Oleiros).
- Novo alumeado en Rialta.
- Melloras no cruce da Avenida Venezuela coa rúa do Río, Oleiros. Cumprindo o acordo cun propietario para retranquear o peche da finca, construír beirarrúa, pasos de peóns e mellorar a visibilidade na intersección.
- Reposición de peches en fincas para apertura da rúa Yinin (urbanización de Canide - núcleo de Breixo).
- Pavimentación de rúas na urbanización Pía de Maianca.
- Pavimentación de rúas en Rialta (1ª fase. Vivendas plurifamiliares) e beirarrúas en mal estado na Urb. Canide.
- Beirarrúa en Concepción Arenal. Zona Casas Baratas.
- Renovación da sinalización viaria en varias zonas.

- **Parque Nirvana**, habilitación dunha finca municipal entre a Rotonda de Nirvana e o mar.

### ● Sinalización informativa urbana.

- **Urbanización do polígono de Meixonfrío**, en Santa Cruz, coa ordenación do solo na zona da Igrexa Nova.

- **Dotación de material técnico para o Auditorio Gabriel García Márquez**, de Mera.

### ● Rehabilitacións e acondicionamentos:

- Melloras na seguridade para os nenos da Escola Infantil A Canteira. Pavimento máis flexible no patio e barandas de protección.
- Casa Echeverry. Eliminación de barreiras arquitectónicas.
- Escola das Pedras. Adaptación para uso de Protección Civil.
- Pavillón de Canide. Melloras interiores.
- Pavillón da Rabadeira. Melloras interiores.
- Nave Viveiro Municipal da Carballeira.



■ Ubicación do futuro Parque Nirvana

## ÚLTIMAS OBRAS CONTRATADAS ▼

### ● Paseo da Ría do Burgo (2ª fase).

Da Ponte da pasaxe ó edificio de A Fábrica.

### ● Rehabilitacións:

- Casa do pobo de Nós..... 24.000 euros (en execución)
- Oficina Municipal de Recadación.....17.083 euros (en execución)
- Pavillón de Bastiagueiro..... 59.000 euros  
Pavimento deportivo e pintado das fachadas (en execución)

### ● Colocación de xogos infantís nos parques de Areal e As Toxeiras

- Instalación dunha baranda de protección entre o parque infantil de Icaria e o cauce.....4.600 euros

- Renovación da tubaría de auga na rúa Francisco Añón. Nos.....11.352 euros

## REANUDADA A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA AVENIDA VENEZUELA ▼

◆ Logo de diversos atrancos e con máis de dous anos de retraso sobre o inicio das obras realizadas con anterioridade, o Xulgado do Contencioso-administrativo número 3 de A Coruña concedeu, con data 12 de xullo de 2006, a correspondente autorización ó Concello de Oleiros para proceder á ocupación e entrada nas parcelas dos propietarios que se negaran a acordo algún co consistorio para efectuar a finalización do proxecto de beirarrúas na Avda. Venezuela, a altura do núcleo do Castelo, posibilitando así a execución do tramo comprendido entre a Praza da Rabadeira e a localidade de Sta. Cruz.

Para a culminación desta obra, o goberno local víuse na obriga de expropiar ós propietarios afectados por esta medida tendo que lamentar que en ningún momento se poidera acadar, como sí sucedeu con centos de veciños, os compromisos necesarios para a execución de proxectos tan importantes e determinantes para a seguridade vial dos cidadáns que residen e frecuentan este ámbito.

## O ANDÉN PEONIL DE DORNEDA A SANTA CRUZ ESTARÁ REMATADO EN DECEMBRO ▼

◆ O Concello de Oleiros segue inmerso no proxecto de construción e ampliación de beirarrúas e andéns peonís para dotar ó municipio de zonas axeitadas e seguras para o tránsito de viandantes. Neste senso, as obras máis recentes son as que se están a realizar dende a Igrexa de Dorneda a Santa Cruz, no tramo comprendido entre O Couto e Viñas de Babilonia.

A execución destes traballos que conectará as localidades de Santa Cruz e Arillo, pola Avenida República Arxentina, estaba a ser moi demandada por diversos colectivos da parroquia de Dorneda dende hai tempo xa que son moitas as persoas que, por motivos laborais, comerciais ou de ocio se desprazan a diario ata Santa Cruz.

Para acometer esta actuación, o Concello de Oleiros conta, como en outras moitas ocasións, coa colaboración desinteresada de todos os propietarios afectados que puxeron a disposición do consistorio o solo necesario para a realización desta obra, determinante para garantir a seguridade vial dos que transitan por esta vía.



O importe do proxecto ascende a 211.010,91 euros e a data de finalización do mesmo está prevista para o vindeiro mes de decembro, en previsión das adversidades climatolóxicas propias da tempada de outono.

## DÚAS CADEAS DE ALIMENTACIÓN E UNHA COMERCIAL UBICARANSE NO POLÍGONO DE IÑÁS ▼

■ *Carrefour, El Corte Inglés e Bouygues Inmobiliaria son algunhas das grandes firmas presentes en Oleiros.*



◆ O Concello de Oleiros procedeu á venda de cinco das oito parcelas municipais outorgadas, mediante aportación obrigatoria do 10% do solo construíble, polos propietarios e promotores do Polígono Industrial e Comercial de Iñás.

A recadación municipal obtida desta operación ascende á cantidade de 5.810.570,36 euros que serán investidos nas diferentes obras municipais, de interese e uso públicos, que o consistorio está a realizar en diversos puntos do municipio.

Unha das superficies vendidas resultou adquirida pola firma Carrefour para a instalación dun centro comercial nesta área industrial e moi próxima a outra parcela onde en breve tamén se ubicará outra empresa do sector. Pola súa banda, a cadea de alimentación de El Corte Inglés tamén manifestou a súa intención de abrir nas inmediacións un centro asegurando así a súa presenza no municipio, o que vén confirmar o elevado interese de destacados grupos comerciais por asentarse en Oleiros, o que suporá un notable incremento de postos de traballo repercutindo positivamente na economía local.

O concello aínda dispón doutras tres parcelas para futuras subastas públicas ubicadas, dúas delas no mencionado polígono e unha terceira nun ámbito industrial próximo ó linde co municipio de Sada, entre as localidades de Iñás e o Espírito Santo.

# NOVAS SENDAS COSTEIRAS EN LIÁNS E MAIANCA ▼

■ Para o Goberno Municipal de Oleiros a conservación do medio ambiente é xunto coa recuperación dos espazos verdes e naturais unha teima constante trala que se agochan numerosos proxectos e trámites administrativos coa finalidade de converter o noso concello nun modelo exemplarizante de respecto e convivencia co entorno para conservación e defensa da natureza como ben patrimonial. Actualmente o Concello está inmerso na elaboración de dous proxectos que perseguen a recuperación de espazos mediante a consolidación de novos paseos costeiros peonís integrados nas parroquias de Liáns e Maianca.

## PASEO PORTO DE SANTA CRUZ - AS GALERAS ▼

◆ O Concello de Oleiros xa iniciou os trámites para a contratación das obras contempladas no proxecto de recuperación dun gran espazo público costeiro neste ámbito que conectará o Paseo Marítimo de Santa Cruz co Parque de As Galeras dando continuidade á senda costeira que xa se estende polo litoral. O ámbito estará dotado de amplos andéns peonís, elaborados en madeira tratada, novo mobiliario urbano e zonas de descanso para maior comodidade dos viandantes.

Para elo, o goberno local conqueríu, a través de dous plans urbanísticos, a adquisición do solo, xa contemplado no Plan Xeral de Ordenación Municipal como parque e zona protexida, compensando ós respectivos propietarios con outras fincas en urbanizacións limítrofes coa costa. Asimesmo, os titulares das propiedades lindantes co litoral que resultan afectadas polo desenvolvemento deste paseo tamén amosaron a súa absoluta colaboración co consistorio para a posta en marcha dos traballos. Nalgúns dos tramos comprendidos o espazo que se habilite será moi reducido por respecto ás construcións existentes dende hai máis de trinta anos.

Asimesmo, está previsto proceder a unha notable mellora do parque de As Galeras, onde se concentra un elevado número de especies arbóreas, dotandoo de novos lugares de esparcemento e disfrute integrados na paisaxe. Realizaranse traballos de axardinamento, rego, eliminación dun eucaliptal e novas plantacións xunto con diversas melloras nos accesos habilitados á praia ubicada nas inmediacións. O futuro parque estará integrado, ademais, na urbanización Meixonfrío lindando co vial existente entre o Hotel Portocobo e As Galeras.



## PASEO CANIDE – SANTA ANA ▼



◆ Por outra banda, dende o consistorio tamén se procedeu ó inicio das negociacións cos particulares que posúen terreos na costa da Cabreira, en Maianca, coa intención de acadar o solo preciso para a execución do paseo costeiro peonil que discorrerá dende a capela de Santa Ana ata o parque de Canide conectando coas calas, recuperadas e acondicionadas con accesos peonís de madeira, nas inmediacións de O Portelo.

Lamentablemente, o goberno local víuse na obriga de abrir algúns expedientes de expropiación naqueles casos nos que foi imposible acadar un acordo consensuado cos propietarios, mantendo abertas novas vías de negociación. Con esta medida, o consistorio tenta velar pola viabilidade dun proxecto que debe desenvolverse ante a necesidade de recuperar un dos entornos máis fermosos da nosa costa e polo dereito dos veciños a disfrutar do mesmo.

As obras consistirán na creación de andéns peonís dentro do ámbito natural sen alteración algunha para o medio, posto que se empregarán materiais integradores en madeira.

A consecución dos traballos posibilitará unha conexión directa polo litoral entre as localidades de Breixo (Dorneda) e Mera (Maianca) que, unha vez acometido este tramo final, pasarán a quedar unidas por unha senda costeira para peóns e dotada con áreas de esparcemento e descanso.



## ACCESO PEONIL DE NIRVANA Á CALA DE BASTIAGUEIRO

◆ O pasado mes de setembro, o goberno local asinou un convenio con un particular para a cesión de 1.000 metros cadrados de terreo, á beira do mar, na localidade de Bastiagueiro coa finalidade de construír unha senda peonil que dará acceso a unha pequena cala da praia ubicada na zona dende a Avenida Che Guevara, formando parte do novo parque costeiro natural de Nirvana. Esta actuación, que estará rematada antes de finais de ano, contempla a construción dunha rampla de baixada, en madeira, para garantir a accesibilidade de todos os usuarios a esta zona do areal, situado xunto á rotonda. Gracias á colaboración da familia asinante, veciños e veraneantes poderán disfrutar dun novo espazo ata o de agora intransitable e inaccesible coa marea alta.

## O CONCELLO ACADA MÁIS METROS PARA O PARQUE METROPOLITANO

◆ O consistorio oleirense vén de conquistar unha nova superficie de solo, nas inmediacións do futuro auditorio municipal, entre a zona alta de Perillo e a Avenida Che Guevara, para destinalo a uso público recreativo integrado dentro Parque Metropolitano. Trátase de 9.249 m<sup>2</sup> que permitirán prolongar o ámbito dende a praia de Bastiagueiro ata o termo das urbanizacións Toxeiras e Lamastelle, afectando ás ladeiras de Perillo e Montrove, situadas entre as avenidas Valle Inclán e Che Guevara.

Unha parte dos metros cadrados adquiridos por sistema de compensación destinaranse, na súa maioría, a parque natural reservando outros ámbitos para a creación do novo vial de acceso ás instalacións do complexo cultural e social así como á ampliación da zona de aparcamento da praia de Bastiagueiro ofrecendo maior servizo ós usuarios.

# Tras vintenove anos construída a edificación urbana

## CON RABIA, DOR E PENA O CONCELLO DE OLEIROS PROCEDERÁ Á DEMOLICIÓN DOS TELLADOS DA URBANIZACIÓN CASA SARA

■ Esta actuación urbanística comezou no ano 1977 coa solicitude de 80 vivendas e 5 locais comerciais resultando denegada a correspondente licenza pola Comisión Provincial de Urbanismo por carecer, naquel momento anterior á etapa democrática, dun planeamento específico que delimitara o ámbito, situado na localidade de Santa Cristina (Perillo).



### 1 Firma e formalización do convenio (1982-83)

◆ No ano 1982, o por aquel entón, Alcalde de Oleiros, José Luis Martínez (de Candidatura dos Veciños), firmou un convenio urbanístico co promotor da urbanización, Jesús Pedreira García y otros, en orde a establecer as determinacións de ordenación que sobre a finca establecerá o Plan Xeral de 1984 rebaixando a 62 vivendas as 80 contempladas inicialmente e eliminando os cinco locais comerciais recollidos tamén con anterioridade. O 3 de marzo do 84, a Comisión provincial de urbanismo aproba definitivamente o primeiro PXOM do Concello de Oleiros.

O 23 de xaneiro do ano seguinte, sendo alcalde José M<sup>o</sup> del Monte (PSOE), formalízase o convenio urbanístico ante notario outorgando en setembro, tan só oito meses despois, a correspondente licenza de obra ó amparo do planeamento do 84 e segundo o convenio xa estipulado.

### 2 Recursos e sentenza (1986-1996)

◆ No 1986 foron presentados varios recursos contenciosos por parte de veciños colindantes (Helga Holzauer, José Yordi de Carricarte e Julián Trincado Settier) nos que solicitan a eliminación do estudo de detalle da urbanización. O 16 de marzo do 90 díctase sentenza desestimatoria contra a primeira demandante e estímase o segundo dos recursos acumulados presentados polos outros dous veciños sobre licenza urbanística, anulándose unicamente o acordo de concesión de licenza por no atopalo axustado a dereito no referente á altura, disposición e traza dos tellados, con demolición do que correspondera a tenor dos razoamentos dos recorrentes. Malia o 12 de abril do 96, o Tribunal Supremo desestima todos os recursos interpostos á anterior sentenza. O 17 de setembro do 96 notificase a sentenza á, naquel momento, alcaldesa, Esther Pita.

### 3 Concello, afectados e empresa, en desacordo (1995-2000)

◆ Coa aprobación do 2º PXOM de Oleiros, no 95, no que se ampara a inclinación e execución das cubertas, o Concello de Oleiros solicita a inexecución da mencionada sentenza. O 9 de decembro de 1998, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declara, mediante un auto, non haber lugar á esta declaración polo que o consistorio inicia as xestións oportunas para proceder á execución da mesma acometendo a demolición e posterior reconstrución dos tellados de Casa Sara. Os traballos son adjudicados á única empresa ofertante o 4 de xuño do 99. A formalización do contrato data do 13 de xullo do mesmo ano.

Pero o 19 de outubro do 99, a empresa responsable de executar as obras denuncia ante o Concello de Oleiros diversas dúbidas xurdidas da lectura da sentenza ademais de numerosas dificultades na obtención de datos "in situ", ante os numerosos impedimentos postos polos propietarios dos edificios afectados impedindo, na maioría dos casos, o acceso ás súas vivendas. O 28 de outubro a alcaldesa, Esther Pita, pon os feitos en coñecemento do Tribunal Superior e solicita que dispoña a posibilidade de acceder á prórroga reclamada pola empresa executora.

### 4 Propietarios ó Contencioso

◆ Será en xaneiro do ano 2000 cando a comunidade de propietarios de Casa Sara dirixa un escrito á sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a autorización xudicial de entrada nos domicilios, demandando a suspensión de dita autorización, feito que foi rechazado pola sala.

Tras dous longos anos de incidentes e confrontamentos entre os propietarios dos inmobles afectados e a empresa, nos que se impide ós operarios a entrada ás vivendas e ós trasteiros, prodúcese a renuncia ó contrato por parte da adjudicataria, feito que se pon en coñecemento do Tribunal o 22 de outubro do 2002.

No 2004 o ente xudicial declarará, novamente, inadmisíble outro recurso presentado polos propietarios de Casa Sara. A partires de aquí, o letrado dos demandantes (José Yordi e Julián Trincado) inicia accións e comportamentos inusitados contra o Alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, por non executar a sentenza dictada, pretendendo o embargo de 100.000.000 millóns e unha sanción económica de 250.000 pesetas das antigas cada quince días.

O 17 de setembro do 2004 a sala volve solicitar informe do acontecido así como das medidas a adoptar para a demolición. O 30 de novembro do mesmo ano, o órgano xudicial acorda a entrada nas vivendas forzando as portas dos que se opoñan. Nos dous meses seguintes logrouse acceder a todos os trasteiros.

### 5 Último aviso de execución

◆ O 17 de febreiro do ano pasado, a sala do Contencioso envía un escrito ó actual mandatario local para que, no prazo dun mes, dé cumprimento ó actuado no auto dictado o 9 de novembro de 2004 (autorización entrada en domicilios), advertíndolle da imposición de multa coercitiva de 100€, cada dez días de inexecución.

O acceso ós trasteiros dos inmobles permite á empresa proceder á execución do proxecto de demolición e reconstrución. En novembro de 2005, inicianse os traballos.

Dende entón, e xa remitido o proxecto á Sala para o seu visto bo, os denunciante provocan novos capítulos de incidentes ó considerar que segue habendo incumprimento da sentenza e presentan alegación ó PXOM, actualmente en fase de aprobación por parte da Xunta de Galicia, solicitando EDIFICACIÓN EN ALTURA PARA AS SÚAS PROPIEDADES, porque **a eles non lles importa tapar as vistas ós veciños que residen enriba das súas vivendas.**

### 6 A demolición e os seus custes

◆ Dado o grave prexuízo que leva consigo a execución deste proxecto de demolición e reconstrución de cubertas en Casa Sara para os propietarios afectados así como para o propio concello, polo elevado custe económico das obras a realizar, que levemente modificarán as vistas actuais dos denunciante, o goberno municipal tentou cegar a acordo sufragándolles unha indemnización económica polo posible prexuízo causado. Pero a actitude prepotente e a desorbitada remuneración pretendida polos demandantes, estipulada en casi 1.800.000 euros entre ambos, cifra igual os custes da demolición e reconstrución das cubertas, fan imposible acordo algún entre as partes.

Por todo elo, o Concello de Oleiros asumirá as obras con cargo ás arcas municipais dos tres vindeiros exercicios presupostarios, dado o elevado importe da actuación a acometer e tendo en conta que deberán aplicarse ó capítulo de gastos correntes e non ó de inversións, no que a administración local podería asumir o gasto ó amparo da xestión urbanística.

# OLEIROS PECHOU O VERÁN CON UN BALANCE POSITIVO NOS MONTES E NAS PRAIAS ▼

■ *O Concello de Oleiros resultou ser, unha tempada máis, o punto de encontro elixido por centos de turistas e veraneantes para disfrutar do sol, as praias, a natureza e a nosa gastronomía. Sen notables incidencias os servizos especiais de salvamento e socorrismo habilitados polo consistorio foron xunto cos membros de Protección Civil e Policía Local os auténticos responsables e protagonistas dun operativo de verán que se desenvolveu segundo as previsións acadando óptimos resultados de asistencia e seguridade. A nota negativa rexistrouse nos nosos montes aínda que o municipio oleirense foi dos menos afectados de Galicia. A colaboración cidadá e a efectividade dos servizos municipais resultaron determinantes.*

◆ A incesante oleada de incendios que este verán invadiu a nosa Comunidade Autónoma fixo saltar todas as alarmas e os veciños de Oleiros, nunha mostra de responsabilidade e compromiso sociais, puxéronse en pé de guerra para facer fronte ó lume e, sobor de todo, ós seus autores. Proba diso, foi o notable incremento de denuncias presentadas por particulares para pór de manifesto o incumprimento de quen non procedía á limpeza de maleza e correspondentes traballo de coidado e mantemento das súas fincas.

Grazas á colaboración de persoas anónimas, o consistorio puido reforzar o dispositivo de vixilancia e control nos montes e fincas privadas, que como medida preventiva leva a cabo todos os anos o Servizo Municipal de Protección Civil, para tentar evitar accións indebidas e riscos innecesarios que puideran derivar en posibles incendios tendo en conta as altas temperaturas e a ausencia de choivas.

Por fortuna, o termo municipal non resultou demasiado afectado polas lapas de lume a excepción dalgúns focos controlados na Costa de Dexo e na zona de As Galeras, que non revestiron danos relevantes.



## NORMATIVA MUNICIPAL

Todos os anos, antes de que de comezo a tempada estival, o Concello de Oleiros fai pública a ordenanza municipal específica que regula a limpeza de maleza e prevención de incendios así como a publicación dun bando da Alcaldía polo que se anuncia a obrigatoriedade de manter en condicións óptimas as fincas urbanas e rústicas existentes coa finalidade de evitar e prever consecuencias negativas sobre o medio ambiente e a saúde pública. Asimesmo, no PXOM tamén se recolle a necesidade de cumprir a normativa vixente dictada polo consistorio.

## MEDIDAS SANCIONADORAS

Coa chegada do verán, o goberno local envía unha carta domiciliada a todos os titulares de fincas nas que se detecta a presenza de maleza para que procedan á súa retirada. De non facelo, contéplase a posibilidade de adoptar medidas coercitivas que se traducen na imposición de sancións económicas e a apertura das correspondentes dilixencias administrativas contra os infractores. Neste senso, cabe destacar a colaboración de todos os veciños posto que as incidencias rexistradas xurdiron á hora de identificar ós titulares dalgunhas propiedades.

**O respecto e cumprimento das medidas preventivas contraincendios fixo posible que sigamos a disfrutar de paisaxes como esta ►**



**Grazas pola vosa colaboración**

# BANDEIRA AZUL PARA OS DISPOSITIVOS MUNICIPAIS DE SEGURIDADE ▼

◆ A tranquilidade foi a tónica dominante nas praias oleirenses este verán. Os areais de Bastiagueiro, Santa Cruz, Mera e Naval non rexistraron ningunha incidencia de relevancia máis alá das actuacións propias de cada ano atendidas polos vintecatro socorristas que conformaron o Servizo de Salvamento e Socorrismo, polo que o Concello de Oleiros recibiu, ó inicio da tempada, de mans do Secretario Xeral de ADEAC, José Palacios, a única Mención Especial do estado español como recoñecemento europeo á labor e xestión realizadas por este departamento, situándose entre os primeiros do ranking nacional.

Durante xullo e agosto, máis de 1.000 asistencia sanitarias e primeiros auxilios centraron unha campaña na que, unha vez máis, houbo que soportar importantes retencións de tráfico nos accesos ós areais ante a elevada afluencia de veraneantes nas nosas costas. Os distintos servizos municipais habilitados tamén prestaron cobertura a eventos deportivos con especial atención á vixilancia e coordinación ás visitas dos máis de 6506 rapaces que participaron nos campamentos de verán con presenza nos areais.

Este ano o consistorio oleirense viu incrementada a dotación de recursos técnicos coa adquisición dun novo vehículo, modelo pick-up, destinado ó Servizo Municipal de Protección Civil, Salvamento e Socorrismo para un mellor desenvolvemento das súas funcións ó que se engade, ademais, a cesión por parte da Xunta de Galicia, dentro do Plan SAPRAGA, dunha embarcación con motor e remolque que, a bo seguro, redundará en novas prestacións para beneficio dos veciños e usuarios.



## VOLTA A CAMPAÑA DE SEGURIDADE E EDUCACIÓN VIAL ►

◆ Co remate do período vacacional retomamos a actividade de cotío e con ela a volta a unha das campañas de sensibilización e conciencia social máis consolidada entre a poboación. En Oleiros, o pasado mes de setembro puxemos, novamente, en marcha esta actividade dirixida a diferentes colectivos, con especial atención ós pequenos e maiores da casa. Rematado o control sobre o “transporte de menores en vehículos particulares”, coa reapertura da actividade escolar, agora tocaralle o turno ó “Respecto ós pasos de peóns”, que do 16 ó 31 deste mes permanecerá vixente en todas as rúas do municipio coa presenza de axentes da Policía Local para informar ós usuarios da importancia e obrigatoriedade de cumprir con esta norma de circulación para garantir a seguridade de quen transita pola vía pública.

Do 13 ó 30 de novembro farase especial fincapé no “Uso do cinto de seguridade” para rematar, do 1 ó 17 de decembro co “Uso do teléfono móbil” como última acción dunha campaña informativa aínda que tamén sancionadora.

## DE OUTUBRO A XUÑO VOLVES TER UNHA CITA COAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS ►



► **Se eres menor de dez anos** disfruta coas historias máis increíbles en “A Hora do Conto”. Relatos, lendas, cancións, teatro e moito máis de luns a venres, ás 18:30 horas

► **Se eres maior de dezoito** e tes interese pola lectura, participa nas Tertulias Literarias con recoñecidos escritores comentando e analizando as obras literarias. Os mércores, de 5 a 7 do serán, en Rialda, e quincenalmente en Manuel María, os venres, ás 6.

**Información e inscricións na Biblioteca Central Rialda. 981/ 639 511**

# XA ESTÁ Á VENDA O NOVO RUEIRO MUNICIPAL ▼

◆ Guía Rueiro de Oleiros. Así se chama a nova publicación que acaba de editar o consistorio en substitución da anterior, que databa xa do ano 1999, polo que urxía a elaboración dun novo libro actualizado no que información, fotografías e planos mestúranse para dar como resultado un manual a toda cor, cómodo, áxil, de fácil manexo e de gran interese nón só para os veciños senón para todos os que desexen visitar ou deban transitar polas diferentes rúas e localidades do municipio sen necesidade de preguntar nomes ou enderezos.

84 planos parcelados, catro mapas deplegables cos principais núcleos urbanos de poboación e un detallado glosario de case 1.000 rúas e prazas compoñen a nova guía municipal na que tamén se detalla, en primerio lugar, unha extensa axenda de servizos onde se poderá atopar ampla información sobre teléfonos e enderezos dos principais organismos públicos e dependencias municipais abrangendo dende os centros educativos ata os consultorios médicos ou as Casas do Pobo.

Un segundo apartado recolle, por orde alfabético, as rúas e prazas coas correspondentes coordenadas e número de planos parcelados coa finalidade de facilitar a búsqueda de cada localización. Nesta sección amósanse numerosas imaxes ilustrativas dalgúns dos elementos e zonas máis representativas e emblemáticas de Oleiros.

A información contida nos planos aparece fragmentada por parroquias e con claras alusións ós servizos públicos máis destacados comprendidos en cada ámbito. Varios cróquis xerais e desplegados de Santa Cristina, Santa Cruz, Mera e Oleiros pechan os 2.000 exemplares que xa están á venda na Recadación Municipal e na Casa Consistorial por un importe que ronda os 13 euros.

Dende o Goberno local xa se está a traballar nunha segunda edición dada a elevada demanda que esta publicación está a ter. No seguinte rueiro incluíranse aqueles ámbitos e rúas que, como no caso da Avenida II República, son de recente creación e, polo tanto, posteriores á elaboración desta guía ó servizo dos cidadáns.



## OLEIROS CONTA COA PRIMEIRA CABINA ◀ TELEFÓNICA SOLAR DE ESPAÑA

◆ Xa leva tres meses funcionando e ten gran aceptación entre os usuarios. É a primeira e única das súas características en España e está ubicada na avenida Francisca Herrera, moi próxima á Casa do Concello. O goberno local decidiu apostar polas novas tecnoloxías no seu plan municipal de renovación da telefonía pública. O funcionamento é sinxelo, limpo e moi ecolóxico. Consiste nun sistema, por panel fotovoltaico, que absorbe a enerxía do sol e a acumula nunha batería que proporciona a autonomía necesaria para garantir o seu funcionamento día e noite. Non hai cables, só o GSM empregado nos aparatos móbiles. O coste para o usuario é similar ó doutras cabinas tradicionais.

## OCIOLEIROS: COA OLLADA NOS PIRINEOS

◆ Con bo sabor de boca e moitas gañas de volver a repetir a experiencia, regresaron os 39 mozos e mozas que a primeiros de setembro participaron na viaxe que, coma anos anteriores, organizou o concello ós gañadores deste programa municipal de actividades nocturnas dirixido a rapaces entre os 14 e os 18 anos. Foron a coñecer os Pirineos e tiveron tempo para as visitas culturais, para descubrir paraxes sorprendentes e para relaxarse con un pequeno chapuzón nunha cascada natural que, ó parecer dalgún participante, non pasou desapercibida para os monitores da excursión que non puideron resistir a tentación de mergullarse nas súas refrescantes augas.



Asentado o campamento base no albergue "Pirenarium", en Sabiñánigo, ó pé do Val de Tena, cada un dos cinco días que pasaron na cordilleira pirenaica estivo repleto de visitas guiadas a museos, roteiros de sendeirismo polo Parque Nacional de Ordesa e polo Monte Perdido e camiñadas libres polo casco antigo de Jaca. Tamén cruzaron a fronteira e se desprazaron a terras francesas, aínda que para elo substituíron os pés por un tren coñecido como o "Petit Train de Arrouste", unha pequena locomotora que percorre, a carón da ladeira, varias localidades de montaña a unha altura aproximada de 2.000 metros. Unha experiencia novidosa e divertida polas características tan singulares do percorrido, que todos cualificaron de divertido e insólito pola orografía do terreo.



## XOVEOLEIROS: CON CUBA NOS SENTIDOS

◆ Os que tamén disfrutaron da paisaxe, a gastronomía e o clima foron os 77 veciños de Oleiros que formaron parte da expedición de Xoveoleiros celebrada no mes de setembro. Como en anos anteriores, a Illa de Cuba foi o destino elixido polos gañadores deste programa municipal, integrado por persoas de 18 a 60 anos. Xunto a eles estivo, ademais o rexedor local, Ángel García Seoane.

Durante unha semana desenvolveron numerosas actividades relacionadas co tempo de ocio e lecer disfrutando das praias e dos fermosos

recunchos naturais da súa xeografía. Ademais de aproveitar o tempo para tomar o sol, divertirse e mercar algún que outro produto típico, os oleirenses realizaron varias visitas guiadas por cidades emblemáticas como La Habana ou Varadero, entrevistándose con algunhas das autoridades locais. Neste senso, a maioría dos excursionistas coincidiron en resaltar a visita á Escola de discapacitados "Solidaridad con Panamá" e á Escola latinoamericana de Medicina, onde puideron constatar en primeira persoa a importante labor humanitaria que ambos centros están a procurar á poboación mediante programas de asistencia, asesoramento e investigación. Unha experiencia, cando menos, enriquecedora e, para moitos, irrepetible.

### 05 de novembro tes unha cita coa Feira do Mel en Oleiros

- Máis de 20 apicultores espérante xunto ó Mercado Municipal de Perillo para amosarche a diversidade dun produto artesán, tradicional e galego. Diferentes procedencias, cores e sabores nun mesmo espazo compartido con derivados como a xalea, o polen, os licores ou os cosméticos.
- Unha oportunidade para mercar calidade, degustar tradición e bailar cos sons da nosa terra. Feira, mostra e música para render homenaxe ó mel galego.

## ¡Esperámoste!



# TEATRO, DANZA E MÚSICA LEVANTAN O TELÓN DO OUTONO CULTURAL ▼

■ O Outono chega a Oleiros cargado dunha extensa programación cultural na que a música, o teatro e a danza protagonizan as actividades programadas polo Organismo Autónomo de Cultura en colaboración coa Deputación Provincial de A Coruña e a Rede de Auditorios e Teatros do IGAEM. Se queres acudir a algún dos principais eventos que se celebrarán nos vindeiros meses, bóttalle unha ollada ó seguinte calendario de actos. A cita, coma sempre, nos distintos auditorios e teatros municipais.

## TEATRO

DATA	COMPAÑÍA	OBRA
7 de Outubro	Teatro do Atlántico	"A raíña da beleza de Leenane"
21 de Outubro	San & San	"Bar"
28 de Outubro	Teatro do Adro	"García"
4 de Novembro	Teatro do Noroeste	"Café Imperial" (IGAEM)

## DANZA

DATA	COMPAÑÍA	OBRA
14 de Outubro	Compañía de Danza Pisando Ovos	"N8 OHX"
16 de Decembro	Ballet Tango-Danza	

## MÚSICA

DATA	GRUPO	ESPECTÁCULO
17 de Novembro	"Coruña Big-Band"	Swing, latino, fusión, e de solistas como Duke Ellington e Glenn Millar.
18 de Novembro	Carmen Rey	Ritmos funk e soul con influencia do jazz.
25 de Novembro	Roberto Somoza Cuarteto	Música de Saxofón
1 de Decembro	Cabaret Manicómico	"Galician Express"
2 de Decembro	Trío Rusia	Música clásica para violíns e piano.
15 de Decembro	Grupo de Metais Santa Cecilia	Música do renacemento, barroco, clasicismo música galega, jazz, blues, pop e folk...

## OBRADOIRO DE ALFARERÍA NAS TORRES

◆ Dará comezo este mes ó igual que en anos anteriores. As clases impartiranse no alfar situado no parque de "As Torres", en Santa Cruz, os luns e martes en horario de tarde. Para formalizar as inscricións e obter máis información, os interesados poden pórse en contacto co departamento de Cultura a través do número telefónico de Atención ó Veciño 981/ 610 000.



## SEGUNDA EDICIÓN DA NOVA FACTORY

◆ O sector do audiovisual galego volveu á primeira liña do panorama actual da man do Concello de Oleiros porque estes días vén de celebrarse a II edición do Mercado + Mostra + Foro = Nova Factory, unha plataforma local con sé nas instalacións do Centro Cultural de A Fábrica, de Perillo, pola que pasaron preto de 5.000 espectadores e participaron uns 200 profesionais do medio. Un punto de encontro para os amantes dos circuitos independentes e de referencia obrigada para produtores, directores, cámaras e guionistas con gañas de amosar e coñecer as novidades que non forman parte da gran cadea comercial de distribución, por falla de recursos ou por desaxustes de mercado.

Un certame contra corrente que este ano achegou ata o noso municipio as últimas novidades en metraje curta de ficción, vídeo clips e documentais. Un evento, organizado polo consistorio oleirense, a través da Concellería de Turismo, en colaboración coa produtora Mr. Misto, enriquecido coa incorporación de destacados poñentes e numerosos recursos técnicos e humanos que, durante catro días, abordaron temas relacionados coa nova televisión, xéneros menores, formatos alternativos, xestión dos dereitos, venda e colocación de produtos audiovisuais e a creación de circuitos independentes para a exhibición. A dixitalización e Internet perfiláronse como os vieiros do futuro para a industria galega.

# PRETO DE 1.000 MOZOS OLEIRENSES RESPOSTAN A UNHA ENQUISA MUNICIPAL SOBRE XUVENTUDE ▼


◆ O Concello de Oleiros xa dispón dos resultados da enquisa elaborada a finais do pasado curso escolar pola Concellería de Xuventude entre a poboación xuvenil coa finalidade de coñecer as súas inquiredanzas, preferencias e hábitos, especialmente nos intres de ocio e lecer. Neste estudio, participaron os escolares dos tres IES públicos existentes no municipio, con idades comprendidas entre os 13 e os 18 anos, aínda que tamén hai casos de mozos entre os 19 e os 21. A colaboración obtida foi masiva con un índice de participación moi elevado e favorable posto que dos 1.218 enquisados, respostaron un total de 996 dos que o 51,91% son mozos e o 48,09 % restante rapazas.

A movida nocturna, os desprazamentos en coche, o consumo de substancias perigosas e o tempo libre centraron os principais interrogantes dunha enquisa que pretendía desvelar algunhas das conductas actuais máis estendidas entre os mozos oleirenses. Comportamentos que falan dunha poboación concienciada ante os accidentes de circulación, polo que preto dun 60% afirma empregar o autobús para saír de marcha e o coche familiar para o regresar, contado coa boa disposición dalgún parente.


En canto á inxesta de alcol, drogas e outras substancias perigosas máis da metade dos enquistados aseguran non ter consumido ningunha nos últimos meses pero, nembargantes, todos manifestan telas probado nalgunha ocasión. Preocupante si é que o 54% dos nosos mozos consideren necesario beber alcol cos amigos para pasalo ben. Deste dato despréndese a existencia dunha práctica habitual pouco saudable, considerada normal entre os máis novos. Tamén foron preguntados polas súas preferencias no tempo de lecer. escoitar música, ve-la televisión e chatear en internet son as actividades máis aplaudidas polos mozos, en máis dun 50% dos casos, o que denota cotas moi elevadas de sedentarismo e pasividade. Algo que parece ilóxico en rapaces menores de 18 anos.

Para o novo curso académico, o goberno oleirense continuará a desenvolver programas de orientación e prevención para mozos así como campañas informativas advertindo dos perigos de prácticas pouco axeitadas. Tamén haberá música, cine e conferencias para cubrir o tempo de ocio á vez que aprenden a concienciarse da necesidade de levar unha vida sá.

## ¿É normal que un mozo beba alcohol para divertirse?



## ¿Que fago no meu tempo libre?



## Proxecto municipal de Actividades Extraescolares

- Dirixido a alumnos de primaria dos centros públicos de Oleiros.
- 16 actividades, de luns a xoves, en horario de 4 a 6 da tarde.
- Os colexios deciden.

(O Organismo de Cultura continuará subvencionando as propostas dos que non participen neste novidoso programa)

## Xa está elaborada a nova programación das Escolas Deportivas Municipais

Se cursas os ciclos de ESO ou Bacharelato podes apuntarte e participar. Consulta horarios e taxas en [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org) e no Servizo de Deportes de A Fábrica. O transporte o poñemos nós.

# 270 CATIVOS FORON MATRICULADOS NAS TRES ESCOLAS MUNICIPAIS DE INFANTIL

■ O presente curso escolar arrincou no Concello de Oleiros con 270 rapaces, menores de tres anos, matriculados nas tres escolas infantís municipais habilitadas polo consistorio para o desenvolvemento educativo e asistencial na primeira infancia ó tempo que ofrecen un servizo de carácter social posibilitando ós seus proxenitores a conciliación da vida familiar e laboral. Para elo, os centros permanecen abertos en horario de mañá e tarde ó longo do curso escolar permitindo ata unha estancia de oito horas diarias ininterrompidas.

◆ Ademais, as instalacións dispoñen de servizos complementarios de comedor, orientación sicopedagóxica e transporte coa finalidade de cubrir as necesidades actuais dos usuarios que demandan, cada vez máis, este tipo de prestacións. A apertura ó público durante os meses de verán tamén obriga a readaptar as actividades educativas á tempada estival con obradoiros lúdicos para os alumnos e os seus irmáns ademais de antigos escolares de 3 a 6 anos.

## FICHA TÉCNICA E PRESTACIÓN DE SERVIZOS ▼

### ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "A PARDELA".

Enderezo: Rúa dos Regos, nº22. Liáns.

Teléfono/Fax: 981/ 63-17-88. E-mail: [apardela@telefonica.net](mailto:apardela@telefonica.net)

**Capacidade: 74 prazas, en presenza simultánea**

**Aulas: 5 unidades**



### ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "AS GALERAS".

Enderezo: Rúa Antonio J de Sucre nº24. Liáns (zona de Bastiagueiro)

Teléfono: 981/ 64-84-46/ Fax: 981/ 64-48-47. E-mail: [xamaraina\\_02@hotmail.com](mailto:xamaraina_02@hotmail.com)

**Capacidade: 94 prazas, en presenza simultánea**

**Aulas: 6 unidades**



### ESCOLA INFANTIL "A CANTEIRA".

Enderezo: Rúa Cubelos nº24. Perillo

Teléfono: 981/ 97-79-21/Fax: 981/ 97-79-25. E-mail: [direccionacanteira@-mann.com](mailto:direccionacanteira@-mann.com)

**Capacidade: 102 prazas, en presenza simultánea.**

**Aulas: 7 unidades**



Dende o Concello de Oleiros séguese a traballar na dotación de novas infraestructuras e equipamentos así como na creación doutros centros que permitan incrementar a oferta de prazas existente, que xa nos sitúa á cabeza da provincia en relación ó número de habitantes. Neste intre, a localidade de Canide acolle a construción dun novo centro de preescolar para os cativos que actualmente están aloxados no edificio Labarta (Mera), onde nun futuro se procederá tamén á creación dunha nova escola infantil.

## OS MAIORES VOLTAN Á ACTIVIDADE FÍSICA CO PROGRAMA 60+ ▼

◆ Os que tamén iniciaron un novo curso son os 452 participantes do programa municipal 60+, organizado pola Concellería de Servizos Sociais, dirixido a todas as persoas maiores que están empadroadas en Oleiros. As clases, que se impartirán nas diferentes Casas do Pobo e centros cívicos do municipio, abordarán varias disciplinas relacionadas coa actividade física e a potenciación da memoria. Deste xeito, preténdese fomentar o mantemento de prácticas saudables mediante a organización de obradoiros que procuran tamén a participación comunitaria para o descubrimento e a aprendizaxe de materias como a ximnasia, a natación, o ioga e a relaxación. Son vintecatro grupos distribuídos ó longo da semana e con horarios en sesión de tarde para maior comodidade e disposición dos alumnos.

## TRANSPORTE ADAPTADO PARA AXUDA A DOMICILIO E EDUCACIÓN FAMILIAR ▼

◆ Novamente, o Concello de Oleiros, dentro do Plan Concertado de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, desenvolve o programa de Transporte Adaptado e acompañamento social destinado ós usuarios dos servizos de axuda a domicilio e educación familiar coa finalidade de garantir a súa integración, mobilidade, comunicación e participación na vida social do municipio ante o grao de dependencia que amosan. Esta prestación, necesaria para os afectados e de apoio para os seus achegados, ven a reforzar e complementar as tarefas que na actualidade desenvolve unha traballadora familiar, encargada de atender a 33 unidades de familia dispersas polo termo municipal. Este proxecto posibilita o desprazamento nun vehículo dotado con medios técnicos específicos e o acompañamento dun traballador municipal para a realización das tarefas de axuda que fosen precisas.



# OLEIROS RECUPERA O SEU PATRIMONIO HISTÓRICO PARA OS VECIÑOS ▼

## UN PAZO PARA OS MAIORES

◆ Cando o Goberno Municipal de Oleiros procedeu ó peche do Pazo de Arenaza por finalización de contrato da empresa concesionaria do servizo naqueles intres, anunciouse que tras a realización de diversas obras de rehabilitación e mellora, a instalación volvería a abrirse ó público para destinala a uso social como centro asistencial para os nosos maiores, especialmente ós que acusan maiores problemas económicos e ausencia de familia.



Feitos e non palabras, o vindeiro mes este emblemático edificio, que data de mediados do século XIX, abrirá de novo as súas portas para acoller a corenta persoas en réxime de día con dez prazas destinadas a residentes permanentes. No centro-fogar realizaranse, como na etapa anterior, diversas actividades orientadas ó desenvolvemento físico e psicolóxico dos residentes empregando o xogo e a actividade física, entre outras ferramentas.

Deste xeito, o Concello de Oleiros, a través do departamento municipal de Servizos Sociais, velará para que os novos inquilinos de Arenaza sexan aquelas persoas que máis o precisen dando preferencia ós que dispoñan de menos recursos económicos ou carezan de familiares para o seu coidado e atención.

Unha vez máis quedan en evidencia aqueles que acusaban ó goberno oleirense de pechar o Pazo para adicalo a un hotel de luxo, xogando e enganando así ás persoas que daquela estaban no centro, destacando nese grupo de manipulación e mentiras ós integrantes da oposición, PP e PSOE.

## E UN CENTRO DE LECER PARA OS MÁIS NOVOS

◆ Trátase do edificio no que se ubicaba o antigo centro de saúde de Santa Cruz, sito na rúa Daniel Castelao, recuperado polo goberno municipal, a petición da Asociación de Veciños Santaia, para destinalo a centro de ocio xuvenil, para os mozos de 12 a 18 anos, coa finalidade de acoller o desenvolvemento de actividades lúdicas e recreativas.

Nestes intres, atópase en fase de concurso a prestación dos servizos que se ofertarán incluíndo a dotación de persoal cualificado para atender as demandas dos rapaces e programar actividades que enchan o seu tempo de lecer nesta e noutras dependencias. O novo centro tamén dará información e orientación sobre os recursos municipais a disposición dos máis novos.

O local permanecerá aberto once meses ó ano, de luns a sábado, en horario de mañá e tarde. Disporá de terraza e varias salas, con ordenadores conectados a internet, xogos de mesa, espazos para obradoiros e proxeccións, zonas de lectura e outras ofertas xuvenís.



## CASA AGRAMAR

◆ As obras de reforma de tan singular edificación, destinada a uso cultural, veciñal e xuvenil para a celebración de eventos lúdicos e de lecer, xa se atopan en marcha con un importe de adxudicación que ronda os 115.000 euros. Os traballos que se están a desenvolver consisten na renovación das súas instalacións para prestar un mellor servizo ós veciños que a usan de cotío. Entre os cambios máis notables, destaca a reforma do tellado, carpintería exterior e fachadas.

## A CASA DO ARXENTINO CONVERTIDA EN HOTEL



■ A estancia da lareira, agora en obras, é a máis significativa do edificio

◆ Esta emblemática e significativa construción da localidade de Mera, de estilo colonial, foi adquirida hai tempo polo consistorio, mediante un sistema de compensación, e reformada externamente dentro do plan de rehabilitación e mellora do noso patrimonio histórico. Logo da realización de diversas obras de adecuación no seu interior, o goberno local decidiu proceder á súa concesión, mediante concurso público, coa finalidade de destinalo a uso turístico albergando a implantación dun hotel peculiar e con encanto que saiba impulsar e promocionar un dos lugares máis fermosos e atractivos do municipio, e que ata o de agora carece dunha infraestrutura hoteleira axeitada para a elevada demanda que rexistra cada ano.

O proceso dará comezo en breve coa finalidade de prestar este novo servizo ós turistas que se acheguen ata a localidade a vindeira tempada estival.

**Os espazos  
públicos son teus**



**pero tamén son  
deles**




**POLO BEN DE TODOS**

**RESPECTA AS NORMAS**

## ASÍ MEDRA OLEIROS

### CAPÍTULO III:

### ● Parroquia de Dorneda O entorno de Naval



◆ Por fin, a Dirección xeral de Costas do Estado deu o seu visto bo ó proxecto de recuperación ambiental do entorno da praia de Naval.

Xa dende o ano 1995 foron dúas as ocasións nas que o Concello de Oleiros presentou os respectivos proxectos para proceder á recuperación e ordenación do ámbito do areal así como das súas inmediacións. Pero a cambio non obtivo máis que atrancos e impedimentos que sempre lograban paralizar esta zona ubicada na parroquia de Dorneda que, hoxe en día, se atopa aínda pendente de desenvolvemento.

Un dos principais escollos que sempre afloran neste proxecto evitando que se de luz verde ó mesmo é o repetido e incesante corremento de terras da ladeira que, dende a estrada de Breixo, á altura

da Rúa do Mar, se vén producindo dende hai preto de dous anos motivado pola acumulación de barro e cascallo orixinados a partires dun pequeno regato milenario existente no lugar.

As actuacións previstas para este ámbito consistirán na realización dun paseo costeiro de 750 metros en liña coa costa, entre Punta do Corvo e Punta Boidecanto, nos que se pretende construír unha senda peonil en madeira e diversas zonas de esparcemento e parque público. Os traballos de axardinamento e consecución de novas áreas verdes constitúen unha das prioridades do goberno municipal. Asimesmo, nesta área contéplase a construción dun espazo infantil para o xogo e lecer dos máis cativos, dividido por idades, e con importantes novidades moi atractivas: a colocación de elementos de auga e sen

barreiras para permitir o acceso e uso ás persoas con discapacidade física. A dotación de iluminación, mobiliario urbano público e novas infraestructuras converterá o parque e a praia de Naval nun espazo natural e con numerosos servizos para o disfrute dos veciños.

Os viais de acceso para o tráfico rodado serán construídos en adoquín de pedra para acadar unha adecuación integral no entorno ó igual que as zonas de aparcamentos.

Agora só queda agardar a que o proxecto sexa asumido polo Ministerio de Medio Ambiente no vindeiro exercicio para así o Concello de Oleiros poder tramitar a correspondente solicitude ante a Dirección Xeral de Costas xunto coa presentación definitiva do referido documento.